



CONSELLERÍA
DO MAR



Cofinanciado por
la Unión Europea



ANEXO TÉCNICO-ECONÓMICO PARA A CONTRATACIÓN DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN ESTUDO DE MERCADO DA DEMANDA POTENCIAL, PREZOS DE REFERENCIA E CANLES DE DISTRIBUCIÓN EN ESPAÑA E ESPECÍFICAMENTE A NIVEL DE 2 COMUNIDADES AUTÓNOMAS (MEDIDA 202595S3M1 1) NO MARCO DO PLAN DE PRODUCCIÓN E COMERCIALIZACIÓN 2024-2025 DA ORGANIZACIÓN DE PRODUTORES PESQUEIROS DE NOIA - OPPNOIA (OPP95)

A. ENCADRAMENTO

A.1 Encadramento da medida

Esta asistencia técnica encadrase dentro da medida do Plan de Promoción e Comercialización da Organización de Produtores Pesqueiros de Noia - OPPNoia do ano 2024-2025.

Esta medida está completamente vinculada co obxectivo OCM en xeral “Contribuír ao abastecemento de alimentos e promover altos niveis de calidade e seguridade alimentaria, contribuíndo tamén á creación de emprego nas zonas costeiras e rurais” e o específico recollido na recomendación da Comisión de 3 de marzo de 2014 relativa a aplicación dos Plans de Producción e Comercialización seguinte:

- 3.1.8.1. Preparación e realización de campañas para promover iniciativas sobre as normas de comercialización (calidade , talla ou peso, envasado, presentación e etiquetado) ,

A3 Obxectivos da OPPNOIA con esta medida

Os obxectivos que persegue a OPPNOIA no marco desde medida son:

- Promoción do produto dos membros da OPP, moluscos bivalvos que requiren purificación, mediante a venda a consumidores locais, hostalaría e restauración como estratexia para contribuír ao subministro de alimentos e produtos locais a prezos accesibles, fomentando así o seu consumo, á vez que se contribúe ao emprego mediante a dotación de persoal neste punto de venda directa.
- Reforzar a través do punto de venda directa o posicionamento comercial do berberecho da Ría de Noia en España.
- Detectar e comprender o que o consumidor obxectivo valora fóra do ámbito local e adaptar a mensaxe comercial.
- Reforzar o seu posicionamento conectando a produción artesanal con novos consumidores e territorios, permitindo explicar directamente as características diferenciadoras do produto.

Con esta acción dentro da medida preténdese “o desenvolvemento dun estudo de mercado que permita a análise da demanda potencial, os prezos de referencia e os canais de distribución máis axeitados noutras comunidades autónomas”. Con este traballo tratase de:



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR



Cofinanciado por
la Unión Europea



- Axudar a orientar as decisións estratéxicas cara a aqueles destinos con maior capacidade de absorción e valor engadido.
- Dotar ao punto de venda directa e a OPP dunha ferramenta para a planificación dos fluxos de subministración e loxística que identifique e priorice os mercados nacionais potenciais por comunidades autónomas e aplique a ferramenta polo menos a dúas comunidades autónomas.
- Planificar as accións de posicionamento comercial que sexan precisas en 2 deses mercados tanto desde a perspectiva de subministración como de fluxos loxísticos,
- Identificar novas oportunidades de distribución noutras comunidades autónomas e segmentos de mercado que actualmente están sen explotar, o que favoreza o subministro regular de alimentos frescos e de calidade desde as zonas produtoras costeiras ata zonas urbanas ou de interior onde a presenza de berberechos é limitada ou inexistente.

B. TRABALLOS A REALIZAR, ANUALIDADES E ORZAMENTO

Traballo 1. Estudio de mercado para el berberecho de Noia a nivel Español determinando e priorizando os mercados a nivel comunidade autónoma e realizando un análisis específico da demanda potencial de produto de berberecho en fresco, prezos de referencia e canles de distribución en polo menos dúas comunidades autónomas

- Parte 1: Detección, análise e determinación de mercados potenciais para os berberechos.
 - Análise de produtos similares.
 - Definición do perfil do público obxectivo.
 - Identificación e priorización das áreas con maior potencial.
- Parte 2: Creación de ferramentas de mercado. Ferramentas de contacto e recollida de información: bases de datos.
 - Plataforma de enquisas en liña (Google Forms).
 - Base de datos segmentada en Excel.
 - Modelo de contacto e cuestionario estruturado.
 - Análise DAFO e matriz de oportunidades/condicións de compra.
 - Informes de consumo do MAPA e outras fontes oficiais.
 - Exemplo de cuestionario
- Parte 3 Estudio de mercado prioritario 1 (Nivel comunidade autónoma)
 - Análise de mercado
 - Identificación e segmentación de clientes potenciais
 - Contacto e recollida de información
 - Análise de viabilidade loxística
 - Recomendacións estratéxicas
- Parte 4 Estudio de mercado prioritario 2 (Nivel comunidade autónoma)
 - Análise de mercado
 - Identificación e segmentación de clientes potenciais
 - Contacto e recollida de información



CONSELLERÍA
DO MAR



Cofinanciado por
la Unión Europea



- Análise de viabilidade loxística
- Recomendacións estratéxicas

C. ENTREGAS

Tanto o Estudo de mercado como as accións de contacto e recollida de información con potenciais comercializadores incluírán os logotipos da OPP95, FEMPA e Xunta de Galicia e serán subministrados pola adxudicatario responsable do deseño dos contidos.

A OPPNoia será titular en exclusiva da propiedade intelectual e industrial de tódolos resultados (informes, bases de datos, cuestionarios, scripts e modelos), incluídos os dereitos de explotación sen limitación temporal nin territorial. O adxudicatario renuncia a calquera dereito sobre os devanditos resultados e garante a cesión de dereitos fronte a terceiros

Os datos persoais recollidos trataranse conforme á normativa vixente; o adxudicatario achegará Acordo de Encargado do Tratamento, Rexistro de Actividades e evidencias de consentimento/lexitimación.

O adxudicatario entregará unha memoria asinada dos traballos realizados vencellados a esta subcontratación. A OPP95 entregará un modelo con contidos mínimos.

D. PRAZO DE EXECUCIÓN

Prazo de execución dos traballos será o: 30/12/2025

E. ORZAMENTO MÁXIMO DE LICITACIÓN:

- Total máximo licitación: 14.500,00 € (Impostos non incluídos)